



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Filosofía do Dereito	Código	612G01026	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación	Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	pedro.serna@udc.es	
Profesorado	Ballesteros Soriano, Alfonso Martínez Doallo, Noelia Pereira Saez, María Carolina Rivas Pala, Pedro Seoane Rodriguez, Jose Antonio Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	alfonso.ballesteros@udc.es noelia.doallo@udc.es c.pereira.saez@udc.es pedro.rivas@udc.es jose.antonio.seoane@udc.es pedro.serna@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia tenta proporcionar unha comprensión global dos fundamentos históricos, políticos e científicos da paradigma dominante no pensamento xurídico contemporáneo, así como unha comprensión máis profunda do fundamento de moitas das nocións, institucións, procesos e estruturas centrais estudados ao longo da carreira, unificando e sintetizando mentalmente eses coñecementos; neste sentido, aspira a efectuar un traballo de síntese e de profundización histórica e conceptual. Ademais, preténdese introducir aos estudantes no coñecemento e a comprensión das transformacións que afectan ao dereito actual e que obrigan a revisar a paradigma dominante constituído polo positivismo xurídico.</p> <p>Por outra banda, téntase mediante esta materia pór a disposición dos estudantes algúns instrumentos para a crítica da visión do Dereito recibida de modo implícito a través da aprendizaxe das diferentes materias da carreira, é dicir, da paradigma dominante.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía



B6	Aprender a aprender.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Adquirir unha visión global do Dereito moderno e das profundas transformacións experimentadas polos sistemas xurídicos contemporáneos.	A2 A3 A4 A6 A10 A12	B9 B1 B2 B3 B5	C4 C6 C7
Desenvolver instrumentos conceptuais e metodolóxicos para a crítica da visión global do Dereito recibida de modo implícito ao longo de toda a carreira.	A2 A5 A6 A8 A11 A14	B6 B8 B11 B1 B2 B3	C4 C6 C8
Desenvolver e avaliar con sentido crítico e de modo creativo a capacidade de argumentación xurídica.	A4 A8 A10 A11 A12	B8	C1 C4 C6
Coñecer os diferentes debates actuais sobre problemas relacionados coa xustiza na organización da sociedade, e desenvolver criticamente unha posición persoal en relación con eles.	A2 A4 A6 A8 A10 A12	B6 B8 B11 B2	C1 C4 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Filosofía do Dereito como comprensión e como crítica do Dereito contemporáneo.	1. O mundo, os mundos e as nosas ideas acerca do mundo. 2. A Filosofía como realidade cultural e histórica. 3. Pensar o propio tempo, tarefa da Filosofía do Dereito. 4. Por onde comezar? O problema do punto de partida. O paradigma dominante como punto de partida



2. Modernidade xurídica e positivismo xurídico.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Xénese e evolución do paradigma do positivismo xurídico. 2. A bases teóricas e ideolóxicas do Estado moderno. 3. As transformacións do Dereito a partires da codificación. 4. A aspiración de facer do Derecho unha ciencia: a ciencia xurídica nos séculos XIX e XX.
3. As deficiencias do paradigma positivista.	<ol style="list-style-type: none"> 1. As dificultades do positivismo para explicar a práctica xurídica e para proporcionar instrumentos que permitan operar nela. 2. A unilateralidade do concepto positivista de Dereito. 3. O carácter ideolóxico do científicismo e a índole necesariamente valorativa da ciencia xurídica.
4. A evolución dos sistemas xurídicos occidentais desde a segunda metade do século XX.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Constitucionalización dos sistemas xurídicos e neo-constitucionalismo. 2. Superación do marco do Estado e da ecuación Estado-Dereito.
5. Os intentos de superación ou revisión actual do positivismo xurídico.	<ol style="list-style-type: none"> 1. As teorías da argumentación. Aportacións e dificultades. 2. As teorías críticas. Aportacións e dificultades.
6. Bases para a construción dunha filosofía xurídica capaz de dar conta do Dereito actual.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Unha perspectiva hermenéutica fundada ontoloxicamente. 2. O Dereito como forma de coexistencia. 3. Os paradigmas contemporáneos sobre a xustiza.
7. Algunhas cuestións particulares sobre xustiza e dereitos.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os fundamentos do debate sobre a xustiza: utilitarismo, libertarismo, ética da virtude e kantismo. 2. Mercado e moral. 3. A ética socialdemócrata contemporánea (Rawls). 4. Os argumentos a favor e en contra da discriminación positiva. Políticas de xénero. 5. A cuestión dos méritos. 6. Virtude cidadá e as esixencias e límites da lealdade o que nos debemos uns a outros. 7. Xustiza e ben común.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A6 B6 B3 C4 C6	21	42	63
Lecturas	A2 A4 A5 A6 A10 B8 B1 B2 B5 C7	14	14	28
Seminario	A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 A14 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8	14	28	42
Proba de ensaio	A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6	3	6	9
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Terán un carácter introductorio aos principais temas da materia, ou ben de recapitulación. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A6, A8 e A14.



Lecturas	<p>O desenvolvemento do pensamento crítico e da aprendizaxe autónoma aconsellan que o estudo estea baseado nunha reflexión directa das/vos estudantes a partir da lectura de textos clásicos e contemporáneos, así como textos normativos -lexislativos e jurisprudenciais-, referidos a parte dos contidos temáticos da materia.</p> <p>Esta actividade relaciónase coas competencias A4, A6, A10, B1, B3, B4 e C6.</p>
Seminario	<p>Os seminarios celebraranse en grupos reducidos para analizar e debater as cuestións referidas á teoría da xustiza indicadas no tema 7.</p> <p>Esixen participación activa dos estudantes, quen deberán expor e analizar criticamente os textos e as cuestións obxecto de cada sesión.</p> <p>Serven para dearrollar as habilidades argumentativas, orais e escritas, e para desenvolver un pensamento sistemático, creativo e crítico.</p> <p>Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A5, A8, A10, B3, B6, C1, C4 e C6.</p>
Proba de ensaio	<p>Serán obxecto de avaliación mediante este tipo de proba os contidos de sesións maxistras, incluíndo as lecturas relacionadas coas diversas cuestións do temario.</p> <p>Esta actividade relaciónase coas competencias B1, B3, C1 e C6.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Lecturas Seminario	<p>Os estudantes deberán consultar ao profesor as dúbidas ou dificultades que xurdan nas sesións maxistras, lecturas ou seminarios.</p> <p>Poderán facelo en tutorías individuais ou en sesións de grupo.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6	A proba de ensaio empregarase para avaliar a aprendizaxe dos contidos das clases maxistras e das lecturas.	70
Seminario	A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 A14 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8	<p>A avaliación da participación nas sesións de grupo reducido terá en conta a fluidez expositiva, a habilidade argumentativa e a capacidade de análise e avaliación crítica.</p> <p>Tamén se tomará en consideración o dominio dos contidos temáticos e a capacidade de responder as obxeccións ou preguntas expostas.</p> <p>O principal criterio de avaliación será a calidade das intervencións, aínda que tamén se terá en conta a frecuencia das intervencións.</p>	30

Observacións avaliación



Para aprobar a materia cómpre obter na cualificación referida aos seminarios (grupos reducidos) un mínimo de 1,5 puntos sobre o total de 3 puntos.

Tal puntuación referida aos seminarios (3 puntos) só se sumará á cualificación final se o estudante obtén como mínimo un aprobado (3.5 sobre un total de 7 puntos) na proba de ensaio/desenvolvemento.

O estudante deberá obter a cualificación mínima de aprobado tanto no exame parcial (opcional) como no exame final.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia que non poida participar nos grupos reducidos, a avaliación das competencias correspondentes aos seminarios-grupos reducidos (30% da cualificación da materia) será substituída por un traballo escrito sobre a materia obxecto de dita metodoloxía e polas respostas ás preguntas orais do profesorado. Esta avaliación alternativa será realizada o día do exame, ao remate do prazo concedido para o exame.

A esta modalidade de avaliación alternativa á participación nas sesións de grupo reducido poderán acollerse tamén o alumnado que por causas xustificadas non poida asistir as sesións de grupo reducido. Para analizar estas solicitudes e tomar unha decisión os estudantes deberán comunicar a súa situación aos profesores na primeira semana lectiva do cuadrimestre.

Os estudantes que se presenten á proba de ensaio na segunda convocatoria (xullo) conservarán a cualificación obtida no exame/proba de ensaio parcial (opcional) e nos seminarios de grupo reducido.

Os estudantes que suspendan a materia na primeira convocatoria (maio-xuño) e non alcancen o aprobado (1.5) na avaliación de grupo reducido correspondente á primeira convocatoria poderán acollerse á avaliación alternativa dos grupos reducidos na segunda convocatoria (xullo).

Na avaliación terase en conta a corrección na expresión tanto oral como escrita.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Pedro Serna (2006). Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos. México, D.F.: Porrúa
 - Michael J. Sandel (2011). Justicia. ¿Hacemos lo que debemos?. Barcelona: Debate
- PARTE TEÓRICA (Sesións maxistras) Pedro Serna, Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos, México, D.F.: Porrúa, 2006. PARTE PRÁCTICA (Seminarios e sesións de grupo reducido) Michael J. Sandel, Justicia ¿Hacemos lo que debemos? (2009), traducción de Juan Pedro Campos Gómez, Barcelona, Debate, 2011.



Bibliografía complementaria	N. Bobbio, El positivismo jurídico, trad. de R. de Asís, Madrid, Debate, 1993. K. Larenz, Metodología de la ciencia del derecho, trad. de M. Rodríguez Molinero, Barcelona, Ariel, 1994. L. Lombardi Vallauri, Corso de Filosofia del Diritto, Padova, Cedam, 1982. A. Ollero, ¿Tiene razón el Derecho?, Madrid, Congreso de los Diputados, 1996. P. Serna (dir.), De la argumentación jurídica a la hermenéutica Revisión crítica de algunas teorías contemporáneas, segunda edición, Granada, Comares, 2005 (reimpr. 2009). Ch. Perelman, La lógica jurídica y la nueva retórica, Madrid, Civitas, 1979. A. Aarnio, Lo racional como razonable, Madrid, CEC, 1991. R. Alexy, Teoría de la argumentación jurídica, Madrid, CEC, 1989. R. Alexy, La institucionalización de la justicia, edición y presentación a cargo de J. A. Seoane, traducción de J. A. Seoane, E. R. Soderó y P. Rodríguez, Granada, Comares, 2ª ed., 2010. Obras clásicas de referencia Karl Olivecrona, El Derecho como hecho, 2ª ed., Barcelona, Labor. Gustav Radbruch, Introducción a la Filosofía del Derecho, México, FCE. Hans Kelsen, Teoría pura del Derecho, 2ª ed., México, UNAM. H. L. A. Hart, El concepto de Derecho, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Finnis, Ley natural y derechos naturales, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Rawls, Teoría de la justicia, México, FCE. Robert Nozick, Anarquía, Estado y utopía, México, FCE.
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

España na configuración histórico-xurídica de Europa/612G01002

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003

Teoría do Dereito/612G01006

Dereito da persoa/612G01007

Dereito Penal. Parte xeral/612G01010

Dereito de obrigas e danos/612G01016

Dereito Internacional Público/612G01019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito e biomedicina/612G01040

Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías